



A SOCIOLINGÜÍSTICA GALEGA NO CONTEXTO HISPÁNICO: CONEXIÓNS E INFLUENCIAS

Gabriel Rei-Doval

The Queen's College, University of Oxford

Xa me teño referido en ocasións precedentes ó nacemento e desenvolvemento da sociolingüística galega. Primeiramente na miña memoria de licenciatura (Rei-Doval 1999), e despois en diferentes relatorios e artigos (Rei-Doval 2000, 2001, 2002), teño explicado a miña visión sobre os aconteceres da sociolingüística e dos sociolingüistas galegos nas últimas catro décadas. De aí a miña intención de entrar nesta ocasión nunha dimensión diferente e particular, como propón o título desta contribución.

Nos devanditos estudos téñome referido a Ramón Piñeiro, Xesús Alonso Montero e Francisco Rodríguez como compoñentes dunha “prehistoria” da sociolingüística galega. Efectivamente, ningún deles pode ser considerado, en sentido estricto, sociolingüista, xa que non acometeron investigacións nin produción científica na que analicen, con ferramentas teóricas e metodolóxicas propias da disciplina, a situación galega.

Sen embargo, ningún deles foi completamente alleo ós debates existentes neste eido durante a súa época. En realidade, os tres assistiron ó nacemento e desenvolvemento do devandito campo de estudio. Ramón Piñeiro, autor do fundacional volume *A linguaxe e as línguas*, nalgúns casos intúe, predí ou se cadra soña con aspectos que reputados sociolingüistas como William Labov estaban elaborando nos EEUU sen conexión de ningún tipo con Piñeiro (Rei-Doval 1999).

Sen dúbida, Ramón Piñeiro representaba un verdadeiro espírito ilustrado, atento ás liñas do pensamento e das ciencias sociais da súa época, e tamén ós debates culturais existentes na Península Ibérica. É notorio o seu contacto e proximidade con diversos intelectuais cataláns, aínda que non me consta que frecuentase ou intercambiase información con sociolingüistas de relevo na súa época. Sen embargo, Carlos Casares constataba, nunha entrevista realizada por min hai agora catro anos, cómo Piñeiro leu con

interese o volume *Lingüística e colonialismo* de Louis-Jean Calvet, e cómo lle serviu para adaptar ou repensar algunhas das súas visións sobre a lingua.

Tampouco estivo á marxe Piñeiro dos debates existentes en Galicia e alén sobre conceptos e problemas como a diglosia, o bilingüismo ou o conflito lingüístico, malia que boa parte do discurso derivado destas conceptualizacións fose alleo ós seus intereses e estilo. En todo caso, como ben ten analizado Antón Santamarina (1998), as fontes de Piñeiro en cuestións lingüísticas son basicamente de orixe filosófica, e só incidentalmente poden vincularse con sociolingüistas hispánicos, a saber, cataláns ou vascos.

O caso de Alonso Montero presenta semellanzas e diferencias con Piñeiro en canto á súa consideración como sociolingüista. En primeiro lugar, trátase dun autor que asistiu, como intelectual ben informado, ós debates sobre lingua e sociedade existentes no mundo académico das últimas décadas. A súa principal obra nesta liña, *Informe —dramático— sobre la lengua gallega*, debe ser considerado, con toda xusteza, un auténtico best-seller da divulgación lingüística galega. Alonso escribe o seu informe en 1973, paralelamente ó desenvolvemento da sociolingüística catalana, nesa xeira que Boix e Vila (1998: 35 e ss.) chaman “o período antifranquista”. En efecto, a presenza dos debates existentes en Cataluña, moi especialmente a través da obra de Ninyoles, obsérvanse nesta e noutras achegas de Alonso.

Tanto Rodríguez como Alonso leron profusamente os sociolingüistas cataláns. No caso de Alonso, esta cuestión foi xa parcialmente analizada por Guillermo Rojo na súa recensión ó *Informe dramático* (1974) e por Mauro Fernández en “Bilingüismo y diglosia” (1978).

Concretamente, Alonso Montero leu e incorporou ideas de Ferguson ou Fishman a través das traducións de Ninyoles, tal como documentan algúns fragmentos de Alonso, nos que unha deficiente tradución e interpretación por parte de Ninyoles aparece ás veces nas retraducións e interpretacións que el realiza. Por poñer un exemplo, a variedade alta (high) de Ferguson caracterizada como

used for most written and formal spoken purposes (Ferguson 1959),

aparece traducida de xeito inexacto ó catalán como

usada sobretot com a llengua escrita i com a parlar formal (Vallverdú 1973),

que Alonso retraduce como

que se usa sobre todo en la escritura y en el hablar culto (Alonso 1974).

Como observou Mauro Fernández (1978), a través do cal reproduzo estas citas, nin estas e outras traducións de Ferguson foron quen de entender que “for most” significaba nese caso “a maior parte” en lugar de “sobre todo”.

De Rafael Ninyoles Alonso tomou o concepto de “dilingüismo”, que introduce no seu *Informe* asociado coa “diglosia” fergusoniana. Na súa recensión do *Informe*, Rojo referíase á influencia do valenciano sobre o galego.

En concreto, Rojo comenta cómo

Alonso acepta complacido la identificación del dilingüismo propio con la diglosia ajena (...). Sin embargo, dilingüismo y diglosia, aunque hasta cierto punto próximos, no son equivalentes, y el error en su identificación parte de una mala interpretación de Ninyoles acriticamente aceptada por Alonso Montero. (Rojo 1974: 245)

Durante a transición española, e a xeito de ponte entre o paradigma ensaístico representado polos ‘precursores’ e o paradigma de investigación que comeza a asentarse con Rojo, temos que salienta-lo traballo dalgúns autores non-galegos que realizan estudos onde, de diferentes maneiras, se trata a situación lingüística galega. Os proxectos de estudos sociais sobre a situación española promovidos pola Fundación Foessa (1970) e o traballo realizado por Salustiano del Campo et al. (1977) sitúanse entre as primeiras referencias con datos, que haberán manexar despois autores como Guillermo Rojo. E será precisamente un matrimonio de investigadores sociais formados por un madrileño e unha navarra o que producirá a primeira monografía con datos empíricos sobre a situación social do galego. Refírome a *Galleguidad y conflicto lingüístico gallego*, de Margarita Ayestarán e Justo de la Cueva, publicado en 1974, o ano seguinte á publicación do *Informe* de Alonso Montero. Segundo este último,

[Ayestarán e De la Cueva] viñeron unha vez á miña casa, porque eles andaban facendo esta investigación, querían estar comigo, pero foi o único contacto que tiven¹.

Aínda que a intensidade do contacto non está clara, parece que o matrimonio navarro-madrileño considerou importante a comunicación con Alonso Montero:

Nuestra hipótesis de trabajo era una hipótesis marxista, de que el problema del gallego era un problema de poder y era un problema de dominación y de clase social. (...) Esa fue la razón por la que contactamos con Xesús Alonso Montero. Y también para ver si el libro podía editarse, aparte de la edición del ICF, [en Galicia]. Nosotros se lo pasamos, a través de Alonso Montero, a Akal, pero no estaba en sus prioridades. Y no salió.

Así mesmo, a importancia da lectura do Informe de Alonso para eles queda tamén clara en Ayestarán & De la Cueva (1974):

El año pasado, Xesús ALONSO MONTERO, publicó su “*Informe—dramático— sobre la lengua gallega*”. De hecho fue su lectura el último golpe de espuela que necesitaba nuestra anterior preocupación para dedicar una parte sustancial de nuestra investigación al problema del idioma gallego. (Ayestarán & De la Cueva 1974: 38)

¹ Salvo que se indique o contrario, as citas de procedencia non-escrita foron tomadas de Rei-Doval (1999).

Con Francisco Rodríguez, a súa relación foi inexistente, malia o cal este lles dedica cualificativos pouco laudatorios no seu *Confluito lingüístico* (1976), na actualidade non de todo neutralizados:

Isto de Margarita Ayestarán e Justo de la Cueva próbache como eran as relacións intelectuais en España. Eran a través dos “progres”, todos formaban [un grupo]. Eles viñan desde fóra. Eu non sei quen son, nin sequera hoxe.

Ese grupo dos “progres”, para Rodríguez incluía tamén a Ayestarán e de la Cueva, a pesar de que estes nos coñecían a Francisco Rodríguez. Segundo o matrimonio hogano vasco, o seu contacto iniciouse a través de Celso Emilio Ferreiro:

Nosotros éramos compañeros políticos de Celso Emilio Ferreiro. El trabajaba en “Tribuna médica”. (...) Le conocimos a él allí, nos hicimos amigos y coincidimos políticamente.

Sen embargo, como militantes da esquerda española clandestina, trataban de separar ata onde era posible a súa militancia da relación aberta con persoas que non eran da súa completa confianza. O feito de seren “sociólogos de fortuna” pagados por empresas privadas fixo que fosen particularmente cautos á hora de entrar en contacto con descoñecidos:

Nosotros estábamos haciendo labor antifranquista en Madrid. Y lo que no queríamos era mezclar el trabajo de investigación que hacíamos en Galicia con contactos políticos que nos habrían obligado a tipos de historias de partido a partido.

Verbo ós seus contactos con autores de fóra de Galicia, declaran que:

En cuestiones lingüísticas habíamos leído a Ninyoles y las cosas de Vallverdú de sociolingüística catalana, el trabajo de Badia i Margarit de *La llengua dels Barcelonins* y las cosas clásicas de sociología del lenguaje. Pero sobre todo los trabajos [de los catalanes]. Y en sociología, desde luego, sociología marxista.

En definitiva, a contribución pioneira de Ayestarán e de la Cueva desenvolveuse con certo nivel de contacto con autores galegos, pero non existiu colaboración en si mesma. O volume foi ben coñecido e citado na literatura sociolingüística da época, pero os seus autores non volveron ocuparse desta cuestión nin interactuaron con sociolingüistas galegos con posterioridade.

A finais dos anos 70 comeza a xestarse unha sociolingüística propiamente académica cos traballos de Guillermo Rojo, Mauro Fernández, Camiño Noia, Modesto Rodríguez Neira e Xosé Rubal. Naturalmente, existen outras aproximacións que podemos considerar sociolingüísticas, pero non encaixan dentro dun paradigma de interpretación da realidade sociolingüística baseado en materiais empíricos.

No que se refire a autores hispánicos, os contactos producíronse, novamente, con sociolingüistas cataláns, e só de xeito moi ocasional cos vascos.

Guillermo Rojo comezou colaborando desde o Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela na organización de cursos sobre ensino bilingüe, nos que contou coa colaboración dalgúns investigadores da Universidade de Standford (California), cos que contrastaron as respectivas experiencias sobre ensino bilingüe. Sen embargo, a colaboración cortouse a partir do verán de 1975, momento en que Rojo establecera xa contacto con Miquel Siguán, que se converteu na principal referencia do profesor coruñés dentro do ámbito hispánico. Os dous compartían probablemente unha visión ‘non-nacionalista’ do bilingüismo e Rojo mostrouse completamente fascinado pola experiencia adquirida por Siguán nos anos precedentes, ademais de polo enorme prestixio de que gozaba o psicólogo social catalán. Os contactos, segundo Rojo, producíronse

fundamentalmente con Cataluña. Debeu ser no 74, Siguán decidiu face-lo primeiro dos seus seminarios de educación bilingüe. Foi en Barcelona, o ICE mandoume a min como avanzadilla. (...) Siguán levaba algún tempo traballando, era daquela o director do ICE de Barcelona. Era unha figura de grande prestixio no seu campo profesional e tamén no campo do ensino bilingüe. O que el estaba tratando de demostrar daquela non era moi distinto do que pretendíamos aquí, pero claro, a anos luz. (...) O que pretendía Siguán era que xentes que traballabamos en zonas como Galicia e o País Vasco participasemos nas súas experiencias. Eu recordo as primeiras sesións de traballo daquel ano, e Siguán quedou verdadeiramente sorprendido. Claro, o que eles pensaban era que a situación en Galicia era máis ou menos como a de Cataluña... As implicacións sociais do catalán, unhas terras con xentes que veñen de Murcia, de Andalucía. (...) Estamos falando de hai case 30 anos. Non había case nada publicado.

Trátase dun momento no que os investigadores a penas dispoñían de lecturas e referencias, nin de a penas contacto persoal entre eles. Neste sentido, Rojo mostra as súas limitacións na materia na altura de 1974:

Estamos no momento en que aquí tiñámo-lo *Informe*, (...) [e en Cataluña] o traballo de Siguán, que publicaba pouco sobre isto (eran informes internos do ICE que non se difundían). O libro, os traballos de Ninyoles estaban aparecendo naquel momento. Porque foron lectura para Xesús Alonso, (é a súa alma mater, non sempre ben entendida. Por outra parte, eu sigo pensando que Ninyoles non entendera ben algunhas cousas previas, Fishman por exemplo, e bastantes problemas que deu aquilo da diglosia e os bilingüismos).

En canto ós seus esforzos por dar a coñecer Galicia en Cataluña, Rojo sinala:

Recordo perfectamente a impresión que causara fundamentalmente en Siguán e tódolos que estaban con el, a idea que eu din en non máis de 10 minutos do que pasaba en Galicia. Foi unha presentación rápida e un tanto precipitada. Pero a situación en Galicia era bastante distinta da que había en Cataluña. Hoxe é bastante evidente, pero daquela [non]. (...) Tamén comisionado polo ICE estiven dous días en Barcelona (...) fixen unha visita á Fundació Rosa Sensat, que levaba daquela Marta Mata (...). Era unha fundación privada dedicada a problemas do

ensino en catalán, etc. (...) É dicir, ó lado da liña do ICE estaba estoutra liña fóra dos circuítos.

A conexión catalana de Siguán continuou, logo de Rojo ir abandonando a sociolingüística, a través de Mauro Fernández, que probablemente tamén se sentía máis cómodo con esta visión non-nacionalista do bilingüismo que Siguán representaba. Naturalmente, o prestixio e respecto que Siguán inspiraba foron tamén elementos importantes para Fernández, pero non o é menos que, sobre todo a mediados ou finais desa década, probablemente non tería moitos máis interlocutores válidos en Cataluña, salvo quizais Francesc Vallverdú.

No caso de Camiño Noia cómpre dicir que bebeu dun tipo de fontes semellante, aínda que se cadra o seguimento e influencia dalgúns destes autores, e se cadra tamén o contacto con eles, foi menor. Segundo Noia, as situacións de bilingüismo interesaban a tódolos estudiosos das linguas españolas minorizadas, nunha época na que, para esta autora, a obra de Ninyoles “estaba de moda”.

Neste sentido, segundo Noia, as súas referencias hispánicas, á parte de Ninyoles, parece que foron escasas, aínda que por suposto tamén foi lectora asidua dos traballos de Siguán. Pero probablemente ela se decantaba máis por unha sociolingüística de claro compromiso nacionalista, nunha época na que, na súa opinión, as análises sobre cuestións como a diglosia de autores vascos e cataláns, invitados con frecuencia por asociacións culturais e outros colectivos cívicos galegos, eran moi útiles desde a perspectiva galega.

O profesor lugués Modesto Rodríguez Neira estivo atento ás lecturas dos contemporáneos cataláns, aínda que o seu enfoque estivo sempre en Galicia:

Antes do MSG [1990] os meus contactos coa SL catalana eran pobres. Das lecturas que recordo a quen máis atención lle prestei foi a Antoni M. Badía i Margarit (*La llengua dels barcelonins*, “Nivelación geolingüística...”, etc.) a M. Siguán (“Bilingüismo y sociología”), algunha cousa de Vallverdú, Ninyoles, etc. porque, obviamente os meus referentes estaban aquí en Galicia. [En todo caso], os traballos claves foron os de Badía (*La llengua...*) e de Siguán (declaracións persoais, 2003).

Finalmente, Xosé Rubal, profesor de Métodos de investigación na Facultade de Ciencias da Educación, é un sociolingüista con alomenos a mesma amplitude de fontes cós autores anteriores, aínda que cunha maior énfase nos traballos realizados desde a área da educación. En canto ós contactos directos, como indica o propio Rubal:

[Con xente de fóra de Galicia tivemos] bastante [contacto]. Eu os contactos con esta xente comezo a telos a partir dunha comunicación que presento no ano 86 en Barcelona. A través do ICE. A partir de aí Siguán chámame moitas veces. Arnau, Arenas... E empecei os contactos por aí. Os vascos tamén os coñezo aí, aínda que con Euskadi tiven menos trato.

Os contactos dos que dispuxo Xosé Rubal e mailo seu equipo foron moi numerosos e diversos. Os máis intensos producíronse tamén neste caso con autores cataláns, aínda que os contactos non poden entenderse en termos de influencia directa no estudioso galego:

Eu fun desenvolvendo un certo pensamento propio da man das lecturas de Valverdú, Ninyoles, Siguán, Vila, Arenas, Sánchez Carrión, Arnau, Alonso Montero, Paz Lamela, Pérez Vilariño, Rojo, Mauro, Paco Rodríguez... e outros moitos. De todos eles, con quen me entendín mellor foi con Arnau pero tampouco é que me vexa particularmente influído por el, porque, en realidade, el ata os 90 tampouco se pode dicir que desenvolvera moito pensamento propio. A Siguán respéctoo e aprécioo intelectualmente, pero, dunha banda, teño unha actitude moi distinta da del perante a vida e as cousas que estudio e, doutra, eu creo que a realidade galega tamén obriga a afronta-lo estudio da lingua na educación dende unha perspectiva diferente que a que se debe ter en Cataluña ou no País Vasco. Ninyoles, Aracil e outros sociolingüistas axudáronme a pensar e entender mellor algunhas cousas, pero as miñas preocupacións ían por outro lado. A min o que me interesaba era a lingua como factor educativo, a lingua como factor a ter en conta para contribuír dende a educación a un mellor desenvolvemento persoal e social, e disto eles falan pouco. Sinceramente, non me recoñezo especificamente influído por ningún deles tanto como polas lecturas de autores estranxeiros, ós que cheguei en moitos casos a través da lectura dos cataláns (comunicación persoal, 2003).

En todo caso, semella claro que os intercambios máis intensos dentro do ámbito hispánico que tivo con autores cataláns producíronse con Arnau e Arenas, como indica a cita anterior, ademais de, por suposto, con Siguán, a través de quen se introduce na rede da educación bilingüe catalana.

De forma en certo sentido solapada con este grupo de autores temos que considerar outros dous estudiosos que traballaron en cuestións sociolingüísticas, e que presentan unha encadramento difícil, por diversos motivos. Refírome a Henrique Monteagudo e a Pilar García Negro.

Para o primeiro deles, Henrique Monteagudo, a principal influencia hispánica procedeu de autores cataláns, que leu profusamente, comezando por Ninyoles, a quen se sentiu próximo sobre todo na súa visión comprometida das situacións de bilingüismo. Sen embargo, o seu contacto coa sociolingüística catalana foi moi intenso desde o comezo, incluíndo de xeito moi especial persoas da Dirección General de Política Lingüística, moi especialmente Miquel Strubell, con quen intercambiou ideas e visións sobre a situación das linguas de España a partir da década dos 80. En canto ós sociolingüistas vascos, a súa relación era unicamente a través das lecturas, non moi numerosas. Naturalmente, cando Monteagudo comeza máis tarde a desempeñar responsabilidades en aspectos de normalización e política lingüística, primeiro na Universidade de Santiago de Compostela e máis tarde no Consello da Cultura Galega, a intensidade dos contactos con autores vascos incrementárase de forma substancial. Pero esa análise excede xa o marco de estudio desta achega.

Outra autora de difícil clasificación, aínda que por motivos diferentes,

é Pilar García Negro, dedicada durante anos á área que poderíamos chamar “iuslingüística”, é dicir, a análise das lexislacións lingüísticas. As fontes de García Negro parecen estar, por unha banda, en Francisco Rodríguez, moi especialmente o seu *Conflicto lingüístico*. E, en segundo, e dunha forma particularmente importante, Rafael Ninyoles, que constituíu para ela a primeira lectura de importancia dentro da sociolingüística:

O primeiro é a lectura a finais do 75 ou principios do 76 dun libro que para min foi moi revelador (...) de Rafael Ninyoles titulado *Idioma y poder social*, que é a tradución ó español de varios traballos pioneiros e clásicos del. Despois xa lin creo que a obra completa de Ninyoles. Ademais hoxe hónrome coa súa amizade intensa. (...) Porque para min, eu considerábao, e considéroo, como un mestre. (...) E despois tiña frecuentación tamén moi grande, pero xa por viaxes alá e por contacto co traballo que se estaba facendo en Cataluña con profesores ou sociolingüistas en xeral, universitarios ou non, cataláns, ou do ámbito catalán. Entón, á parte do que citei, Argenté, Badia, xente de ámbito catalán de Mallorca, etc.

Finalmente, quixera tratar moi brevemente ás influencias existentes en autores que comezaron a traballar con posterioridade ós xa referidos. En primeiro lugar, referireime a Celso Álvarez Cáccamo, como promotor do grupo de microsociolingüística da Coruña. Cáccamo estudou primeiro en Santiago, licenciouse logo en Barcelona e finalmente realizou o seu doutoramento en Berkeley, California. Alén das intensas influencias das escolas anglófonas e da socioloxía francesa que recibiu, non semella que a produción realizada desde España ou Portugal influíse especialmente na súa maneira de facer sociolingüística. Sen embargo, as súas ideas reintegracionistas mantéñeno moi vinculado a Portugal, en canto á súa visión político cultural de Galicia, de xeito que ás veces estas son difíciles de separar das súas análises sociolingüísticas. Cáccamo considérase cidadán dunha nación que incluíría Galicia e o norte de Portugal.

A miña nación é Galicia e o norte de Portugal. (...) A Galicia miña é esa histórica de Galicia e o norte de Portugal. Eu cando vou a Portugal considero que estou no meu país, ó norte sobre todo, é iso e nada máis.

Naturalmente, esta é unha consideración basicamente política, pero os resultados prácticos que ser coherente con ela produce sobre a súa obra son de salientar. Así, Cáccamo considérase membro dunha comunidade lingüística galego-portuguesa e as súas análises sobre a lingua galega parten da premisa de que o galego é unha variante castelanizada dese ‘tronco’ común galego-portugués, de xeito que os intentos de establecer e defender unha lingua galega independente da portuguesa son ó seu entender inapropiados.

Algo máis novo é Anxo Lorenzo, que nos últimos dez anos ensinou na Universidade de Vigo e que dedicou a parte central da súa investigación a diversas cuestións da sociolingüística galega. Lorenzo rematou o doutoramento en Barcelona, baixo a dirección do sociolingüista catalán Joan Argenter, con quen publicaría en colaboración algúns dos seus primeiros

traballos. Nesa época, Anxo Lorenzo está moi vinculado á sociolingüística catalana, moi particularmente ós estudos sobre o contacto lingüístico. Con todo, axiña se interesa por aspectos de dinamización, normalización e planificación lingüística, ós que desde moi cedo dedicou atención prioritaria. Nesta liña obsérvanse tamén as súas preferencias por autores, motivos e achegamentos habituais na sociolingüística catalana dos anos 80 e 90, como Bastardas ou Strubell.

As influencias de Xoán Paulo Rodríguez Yáñez, pertencente ó emergente círculo sociolingüístico da Universidade de Vigo, teñen máis que ver coa tradición francesa, como Calvet ou Christine Deprez, así como cos principais autores dedicados ó estudio do bilingüismo. Non detecto nas súas preferencias particular inclinación ó seguimento de autores hispánicos. En todo caso, Rodríguez Yáñez cre excesiva a énfase posta en cuestións como o conflito e a normalización lingüística, de inspiración catalana, que ó seu ver teñen ocupado demasiados esforzos na sociolingüística galega, seguindo a tradición catalana.

E, para rematar, referirme moi brevemente ó grupo que eu teño chamado “segunda xeración” de sociolingüistas galegos (Rei-Doval 1999, 2001), a saber, o Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega que elaborou o *Mapa Sociolingüístico de Galicia*, ó que eu pertencín entre 1990 e 1997. O grupo deixou de existir como tal en decembro de 1997, pero os seus membros seguimos evolucionando individualmente ata a actualidade, polo que en moitos sentidos tampouco sería exacto definírmolos como un grupo na actualidade. En todo caso, no que ó período de elaboración do MSG se refire, tempo no que si funcionamos como grupo, Cataluña foi para nós unha referencia inescusable, sobre todo no comezo do noso traballo. A lectura das achegas de Strubell (con quen colaboramos nunha das fases do proxecto *Euromosaic*), as monografías de Modest Reixach sobre demolingüística e censos lingüísticos, as lecturas clásicas da sociolingüística catalana, as novas tendencias catalanas menos “ideoloxizadas” e máis “pragmáticas” dos anos 90, foron unha fonte de inspiración constante. En calquera caso, sobre todo logo dos primeiros tempos, difundíuse entre nós a idea de que o Mapa Sociolingüístico de Galicia rebordaba e superaba con moito calquera traballo macrosociolingüístico realizado en Cataluña. Así o constatamos mentres participabamos en *Trobadas* de sociolingüistas cataláns e observámo-lo estancamento e desinterese dos estudos cuantitativos cataláns pola medición dos usos lingüísticos, aspecto probablemente pouco rendible desde a perspectiva catalana dos anos 90.

En conclusión, é evidente que as principais lecturas, contactos e influencias, en positivo ou en negativo, dos sociolingüistas galegos dentro do contexto hispánico estiveron e en certo sentido seguramente están aínda nos Países cataláns, escasamente en Euskadi e só moi excepcionalmente na España oficialmente monolingüe, ou nun Portugal con escasos modelos teóricos que exportar en sociolingüística. Nunha primeira etapa, a da “prehistoria” da sociolingüística galega, a principal figura que imitar foi Rafael Ninyoles, que seduciou unha boa parte dos autores, en particular aqueles cun compromiso político e cultural de carácter nacionalista e que non practicaban liñas de traballo baseadas en datos empíricos.

Por outra banda, Siguán foi fonte de inspiración dos sociolingüistas máis “técnicos” (Rojo, Fernández) e con frecuencia daqueles que presentaban un menor compromiso político coa lingua galega.

A influencia pode rastrexarse tamén na segunda xeración de sociolingüistas, e en parte do Círculo de Vigo, aínda que nestes casos non foi esta xa a influencia fundamental. Unha vez que a sociolingüística galega acada a súa maioría de idade, a tutela da tradición catalana deixa de ser tan decisiva coma nos grupos anteriores, e pasa a ser unha influencia máis. A partir da década dos 90, os sociolingüistas galegos, sen esqueceren tan importante achega, decátanse de que outras tradicións xeograficamente máis afastadas poden ter tanto ou máis interese e, así mesmo, que a sociolingüística galega posúe xa elementos abondo que ofrecer á tradición catalana ou a calquera outra.

Bibliografía citada

- ALONSO MONTERO, Xesús. *Informe —dramático— sobre la lengua gallega*. Madrid: Akal, 1973.
- AYESTARÁN ARANAZ, Margarita & Justo de la Cueva Alonso. *Las familias de la provincia de Pontevedra en 1974 (galleguidad y conflicto lingüístico gallego)*. Sevilla: Instituto de Ciencias de la Familia, 1974.
- BOIX I FUSTER, Emili & F.X. VILA I MORENO. *Sociolingüística de la lengua catalana*. Barcelona: Ariel, 1998.
- CAMPO, Salustiano del, Manuel Navarro & José Félix Tezanos. *La Cuestión regional*. Madrid: Edicusa, 1977.
- FERGUSON, Charles A. “Diglossia”. *Word* 15 (1959): 325-340.
- FERNÁNDEZ, Mauro. “Bilingüismo y diglosia”. *Verba* 5 (1978): 377-391.
- FUNDACIÓN FOESSA (Madrid), ed. *Informe sociológico sobre la situación social de España*. Madrid: Foessa, 1970.
- PIÑEIRO, Ramón. *A lingoaxe i as línguas*. A Coruña: Real Academia Galega, 1967.
- REI-DOVAL, Gabriel. *Breve aproximación á historia da sociolingüística galega (1967-1997)*. Memoria de licenciatura. Santiago de Compostela: Universidade, 1999.
- “Matériaux pour une histoire de la sociolinguistique galicienne. Antécédents et études macrosociolinguistiques empiriques (1967–1997)”. *Lengas* 47 (2000): 159–191.
- “An Overview of Galician Sociolinguistics (1967-1967)”. Relatorio (inédito) presentado no *International Symposium ‘Galicia: a Language, a People’*. The University of Birmingham, setembro do 2001.
- “Sociology of Language and Pragmatics in Contemporary Galician Sociolinguistics: Complementarity or Rivalry?”. Relatorio (inédito) presentado no *First Workshop on Spanish Sociolinguistics*. State University of New York, Albany, marzo do 2002.

- RODRÍGUEZ, Francisco. *Conflito lingüístico e ideoloxía en Galicia*. Monforte de Lemos: Xistral, 1976.
- ROJO, Guillermo. Recensión ó Informe —dramático— sobre la lengua gallega de Xesús Alonso Montero. *Verba* 1 (1974): 243-249.
- SANTAMARINA, Antón. *A linguaxe e as linguas. Ramón Piñeiro revisitado ós 30 anos do seu ingreso na Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega, 1998.
- VALLVERDÚ, Francesc. *El Fet Linguistic com a Fet Social*. Barcelona: Edicions 62, 1973.

Rei-Doval, Gabriel. "A sociolingüística galega no contexto hispánico: conexións e influencias". *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península. Barcelona 28 ó 31 de maio de 2003*. Ed. de Helena González e M. Xesús Lama. Sada: Edición do Castro / Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) / Filoloxía Galega (Universitat de Barcelona), 2007. ISBN: 978-84-8485-266-7. Depósito Legal: C-27912007.

